

## **CORREO DA DIRECCIÓN DO IES DE SOUTOMAIOR (24-07-2020)**

BOAS:

Debido ao considerable aumento de matrícula en todos os cursos do centro, especialmente en 1º da ESO, a día de hoxe xa temos AGOTADAS AS PRAZAS DE TRANSPORTE NA LIÑA 99PO0711 sen posibilidade de introducir todas as solicitudes.

Introducíronse as solicitudes de alumnado de 1º, 2º e parte de 3º, e quedan pendente parte de 3º e 4º ESO, así como todo o alumnado que ten que formalizar a matrícula en setembro (por ter materias pendentes).

Rogamos se atenda esta SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZAS para poder empezar o curso con toda normalidade e do xeito máis ordenado posible, dada a delicada situación sanitaria pola que pasamos.

Esperando resposta, reciba un saúdo

Modesto Campos Castro

Director do IES de Soutomaior

24 de xullo de 2020

## **CORREO DE RESPONSA DA INSPECCIÓN DE RECURSOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS (28-07-2020)**

Bo día,

En relación coa súa solicitude, recórdolle a normativa vixente.

A citada normativa distingue entre o alumnado lexítimo (que ten dereito ao transporte escolar) e os usuarios excepcionais (que non ten dereito ao servizo de transporte escolar e que só poden utilizar dito servizo cunha serie de condicións, entre as que figura a de que existan prazas vacantes).

O Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar dispón no punto 1 do artigo 1º que terán dereito ao transporte escolar a/e desde os centros públicos os alumnos dos niveis obrigatorios e/ou gratuítos que teñan os seus domicilios fóra do núcleo urbano no que estea situado o centro escolar e en calquera caso a unha distancia do mesmo superior a 2 km. No punto 2 do citado artigo sinálase que, excepcionalmente, por causas de especial incomodidade ou dificultade, a Consellería de Educación poderá autoriza-la prestación do transporte aínda que non se cumpran os requisitos esixidos no apartado anterior.

A Instrución 1/2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 8 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2020-2021, establece no parágrafo 3º do punto 1 que será usuario lexítimo do transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km., calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.

A citada Instrución sinala no seu punto 3 que ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con prazas vacantes nas rutas de transporte escolar e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar o uso do servizo (entre outros) ao alumnado cuxo domicilio estea situado a unha distancia, calculada utilizando o

itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios, do centro escolar inferior a 2 km. e superior a 1 km. en zona urbanizada e 500 m. en zona non urbanizada.

Se ben este alumnado non ostenta a condición de usuario lexítimo, pode usar excepcionalmente o servizo sempre que existan prazas vacantes, que non comporte modificación das rutas nin creación de novas paradas e que non incremente a duración do traxecto nin precise a incorporación de acompañante.

En consecuencia, para ter dereito a Transporte escolar:

- Hai que ter o domicilio fóra do núcleo urbano no que estea situado o centro escolar.
- En todo caso (inda que se atope fóra do núcleo urbano), ten que haber máis de 2 km. de distancia ao centro escolar polo itinerario máis directo.
- Se hai prazas libres no autobús, poden utilízalo (inda que non ten dereito por non ser usuarios lexítimos) se viven a máis de 1 km (en zona urbana) e máis de 500 m. (en zona non urbanizada).
- Todo o alumnado cuxo domicilio estea situado dentro do mesmo núcleo urbano que o centro escolar ou a menos de 2 km. do mesmo non ten dereito ao servizo de transporte escolar e só o poden utilizar se hai prazas libres e coas condicións que sinala a norma.

Un saúdo.

Fco. Javier Pena Gulías

Inspector de recursos educativos complementarios.

28 de xullo de 2020